



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Historia contemporánea universal

Materia	Historia contemporánea universal			
Código	002G251V01403			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Rodríguez Teijeiro, Domingo			
Profesorado				
Correo-e				
Web	<a href="http://moovi.uvigo.es">http://moovi.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Coñecemento dos principais acontecementos e os procesos xerais de cambio e continuidade da Humanidade ao longo da Idade Contemporánea en perspectiva diacrónica, con especial atención á realidade europea sen renunciar ao estudo comparado doutras civilizacións e culturas.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais			
C14	Coñecemento da estrutura diacrónica xeral do pasado			
C20	Coñecemento da historia europea nunha perspectiva comparada			
C22	Coñecemento da historia universal			
D1	Capacidade de análise e síntese			
D3	Capacidade de organización e planificación			
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio			
D8	Compromiso ético e responsabilidade social			
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma			

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia	A1	C14	C22	
Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	B2	D1		
Coñecemento da Historia europea nunha perspectiva comparada	C20			
Elaboración de traballos básicos e de iniciación				D1
				D3
				D4
				D8
				D11

## Contidos

Tema	
------	--

1. A era das revolucións. Capitalismo e imperialismo.	1.1. As transformacións económicas: formación do capitalismo 1.2. As transformacións políticas. O modelo liberal. 1.3. As transformacións sociais. Sociedade de clases e movemento obreiro 1.4. A expansión colonial e o imperialismo. 1.5. Os grandes Estados europeos no século XIX. China e Xapón.
2. As grandes tensións da primeira metade do século XX.	2.1. As relacións internacionais ata 1914. A Primeira Guerra Mundial 2.2. Socialismo, Democracia e Totalitarismo. 2.3. Economía e sociedade na etapa de entreguerras. 2.4. As grandes potencias europeas. O mundo extraeuropeo. 2.5. As relacións internacionais no período de entreguerras e a Segunda Guerra Mundial.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	22	55	77
Eventos científicos	2	0	2
Traballo tutelado	5	30	35
Seminario	8	14	22
Resolución de problemas de forma autónoma	2	1	3
Resolución de problemas	3	0	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	6	0	6
Observación sistemática	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións orientadas a presentar a materia, tomar contacto co alumnado e reunir información sobre as súas competencias, motivacións e intereses.
Lección maxistral	Explicación dos contidos da materia polo profesor
Eventos científicos	Asistencia a actividades de temática transversal ou diversa organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia ou a Área de Historia Contemporánea
Traballo tutelado	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da época contemporánea. Deberán estar asignados inexcusamente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo individual ou en grupo sobre un tema específico a partir de materiais de diversa natureza co obxectivo de afondar nunha selección de contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistras.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de problemas e/ou exercicios na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistras que inclúan a resolución de forma autónoma de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos e análise e interpretación de materiais gráficos, videográficos e filmográficos.
Resolución de problemas	Sesións orientadas á formulación de cuestións relacionadas coa materia nas que o alumnado, baixo a supervisión do profesorado, debe desenvolver as solucións axeitadas para a resolución do problema ou exercicio presentado.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (Moovi, Uvigo), Titoría presencial (despacho), Titoría no Campus Remoto, correo electrónico. Docencia presencial: preferentemente seguimento na aula, seminarios e titorías presenciais.
Resolución de problemas	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (Moovi, Uvigo), Titoría presencial (despacho), Titoría no Campus Remoto, correo electrónico. Docencia presencial: preferentemente seguimento na aula, seminarios e titorías presenciais.

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo tutelado	Presentación e entrega, na data sinalada dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a presentación formal do mesmo. Para superar a materia será preciso obter, nesta proba, unha cualificación mínima de 1,5 puntos dun máximo de 3 puntos. Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración de traballos básicos e de iniciación	30			D1 D3 D4 D8 D11
Seminario	Selección, presentación, análise e crítica dos materiais traballados e capacidade para fomentar o debate, a discusión e a participación. Para superar a materia será preciso obter, nesta proba, unha cualificación mínima de 0,75 puntos dun máximo de 1,5 puntos  Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias. Coñecemento da Historia europea nunha perspectiva comparada.	15	B2	C14 C20	D1 D3 D4 D11
Resolución de problemas de forma autónoma	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos indicados. Para superar a materia será preciso obter, nesta proba, unha cualificación mínima de 0,25 puntos dun máximo de 0,5 puntos.  Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias. Coñecemento da Historia europea nunha perspectiva comparada.	5	B2	C20	D1
Exame de preguntas de desenvolvemento	Valoraranse os coñecementos teóricos da materia, a estruturación de ideas e a precisión e claridade expositiva a través de dúas probas de avaliación correspondentes, cadansúa, a cada un dos dous grandes temas-bloque do programa e que incluírán tanto probas de contido teórico como comentarios de textos, mapas e gráficas. Para superar dita proba será preciso acadar, cando menos, unha cualificación mínima de 2 puntos dun máximo de 4 puntos.  Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias, Coñecemento da Historia europea nunha perspectiva comparada.	40			
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través da realización das actividades e probas que conforman a programación da materia. Para o seu control e imprescindible a entrega dunha ficha por parte do alumnado antes de rematar a primeira quincena do cuadrimestre.  Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración de traballos básicos e de iniciación.	10			D3 D11

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo, deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e, no seu caso, o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, participación en foros, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de "avaliación global" deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado da Universidade de Vigo). O alumnado que non poida acollerse á avaliación continua, e o comunique no prazo fixado, examínase de todo o programa da materia, o cal deberá preparar a partir da bibliografía básica sinalada, mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e do resto das actividades prácticas fixadas no curso, que suporarán en conxunto un 30% da nota. Todas estas probas, no caso de que así o requiran, deberán estar asignadas, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial de cada convocatoria ou oportunidade e entregaranse non máis aló da data de realización do mesmo en cada una destas. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción polo mencionado art. 19.4), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 tanto na parte teórica como en todas e cada unha das probas que conforman a parte práctica.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

LARIO, A. (coord), **Historia Contemporánea Universal**, Alianza, 2014

MARTÍNEZ, J.(coord), **Historia Contemporánea.**, Tirant Lo Blanch, 2006

HOBBSAWM, E, **Historia del Siglo XX. 1914-1991**, Crítica, 2008

JUANA, J. de e PRADA, J, **Historia do Mundo Contemporáneo(1870-1945)**, Ser. Pub. Universidade de Vigo, 2002

PALACIOS BAÑUELOS, J. L., **Manual de Historia Contemporánea Universal**, Dilex, 2005

PAREDES, J., (Coord.),, **Historia Universal Contemporánea**, Ariel, 1992

VILLARES, R., e BAHAMONDE, A.,, **El Mundo Contemporáneo. Siglos XIX-XX**, Taurus, 2001

#### **Bibliografía Complementaria**

ARTOLA, M. y PÉREZ LEDESMA, M., **Contemporánea. La historia desde 1776**, Alianza, 2014

FUSI, J.P., **Breve historia del Mundo Contemporáneo**, Galaxia Gutemberg, 2013

JUDT, T., **Pensar el siglo XX**, Taurus, 2012

MORALES LEZCANO, V. e de la TORRE GÓMEZ, H. (coords.), **Historia Universal Contemporánea**, CEURA, 1997

NERÉ, J. (dir),, **Historia Contemporánea**, Labor, varias eds.

PALMER, R. e COLTON, J, **Historia Contemporánea**, Akal, varias eds.

---

### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades, polo que todo o alumnado deberá estar dado de alta na plataforma de teledocencia e ter cubertos os seus datos de perfil.